

P.E.O.U de N. de Ramuín (Plan Especulativo de Ord. Urbanística).

2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
------	------	------	------	------	------	------	------	------

98,2% Tempo de deseño do PXOM consumido por a empresa “CONSULTORA GALEGA SL” baixo as directrices do Equipo de Goberno.

Consultora Galega: “ O equipo de goberno optou por non formular DOCUMENTO DE AVANCE DO PLAN”.

O DOCUMENTO DE AVANCE DEBERÍA TER SIDO O PUNTO DE PARTIDA A PARTIR DO QUE SE PRODUCISE A PARTICIPACIÓN VECIÑAL. O CONCELLOS QUE FUNCIONAN DEMOCRÁTICAMENTE FORMULAN ÉSTE DOCUMENTO. NON DEIXAN O DESEÑO DO FUTURO DE TODOS EN MANS DUNHA MERCANTIL.

O MÁIS CLARIFICADOR QUE SE PODE DICIR PARA ENTENDER QUÉ É UN PXOM, É QUE: É UN DOCUMENTO A MODO DE GUÍA QUE TRASLADA Ó TERRITORIO MUNICIPAL E ÓS VECIÑOS E VECIÑAS A MANEIRA DE ENTENDER A POLÍTICA POR PARTE DE QÚEN GOBERNA. É A MANEIRA QUE TÉN O ALCALDE DE ORDENAR, PREVER, PLANIFICAR E INVESTIR O QUE É DE TODOS.

1,8% Destinado –por obriga legal- a EXPOSICIÓN ó público para alegacións, que serán contestadas unha vez se aprrobe o Plan definitivamente.

O P.X.O.M FAI VISIBLE A POLÍTICA DO QUE GOBERNA.

Extraído do PXOM: os datos básicos e reveladores do que se pretende con este PLAN.(Páx. 56 e ss. do ISA (Informe de Sustentabilidade Ambiental))

“ALTERNATIVA CERO OU DIAGNÓSTICO DE SITUACIÓN e ESCENARIO FUTURO: “A situación actual do concello de Nogueira de Ramuín podería definirse como de estancamento da actividade produtiva e de retroceso poboacional na última década (...) limitacións propias de atoparse na coroa exterior de concellos da comarca de Ourense e polo tanto con menor capacidade de atraer poboación e actividade, que parece preferir localizarse preferentemente en Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas ou Barbadás (...) abondosos recursos turísticos que fan pensar que se poida chegar a acadar unha senda de recuperación (...)En canto aos núcleos rurais as actuais delimitacións supoñen un modelo de ocupación difusa e un consumo de solo excesivo (...)A situación actual, tanto do patrimonio como do medio ambiente, é de certa desprotección (...) multitude de construcións, elementos e espazos de interese se atopan en risco de desaparición (...)A grande potencialidade dos recursos naturais e a súa excepcional riqueza pódese ver afectado pola perda paulatina dos hábitats e das alteracións hidrolóxicas, as afeccións á vexetación de ribeira e a contaminación das augas (...)falla de posta en valor do patrimonio natural, incendios forestais, contaminación (...)Desaparición do arborado de ribeira (...)Desaparición da fauna asociada aos humidais e hábitats existentes (...)O mantemento dos sistema actuais de abastecemento e saneamento, sen tomar medidas para a súa mellora, redundarán na obsolescencia dos sistemas o que implicará un elevado consumo de recursos, así como unha gran degradación dos efluentes e por iso, unha maior contaminación do medio e en particular das augas, tanto superficiais como soterradas (...)Abandono de regatos e das marxes dos ríos (...)Falta de seguridade peonil e ciclista nas marxes das principais estradas que non contan con beiravías acaídas nin itinerarios peonís (...)Desaparición de cultivos e deterioro da paisaxe. Perda da agricultura tradicional. Perda dos valores culturais ancestrais. Desaparición dos núcleos orixinarios. Non melloran os servizos de auga, luz e saneamento ou fano dun xeito desorganizado. Debido á falta de xestión e presenza sobre boa parte do territorio de habitantes, aumenta o risco de incendios forestais e conseguintemente os de erosión e empobrecemento do solo. Non melloran os servizos tecnolóxicos. f Non melloran as dotacións urbanísticas e a accesibilidade ás mesmas creándose zonas privilexiadas fronte a outras marxinadas (...).

“En conclusión, a alternativa “CERO” non é posible primeiramente dende o punto de vista legal, pero tamén dende a sustentabilidade pois, o territorio de Nogueira de Ramuín quedaría inserido nun escenario negativo, no que se consolidaría o deterioro económico e social ao que o medio ambiente tampouco sería alleo”. (Cita da empresa redactora do Plan).

VISTO O DIAGNÓSTICO, O FUTURO DE N. DE RAMUÍN SEGUNDO O PLAN INICIALMENTE OCULTADO É: demencial!!

Liñas “maestras” do PXOM:

“(…) Os aumentos poboacionais que estima o PXOM canalizaranse principalmente a través dunha maior densidade e o emprego de edificación colectiva no solo urbano, en detrimento da vivenda unifamiliar (…) Reserva dunha superficie delimitada de 107.270 m² e 249 vivendas que se desenvolverán mediante os seus correspondentes PERIS (…) a proxección de poboación determina a posibilidade duns 6.315 habitantes residentes mais uns 600 transeúntes e estudantes (…) a capacidade residencial do mesmo serían uns 6.915 habitantes (…) En canto aos equipamentos, todos aqueles que precisen dunha certa masa crítica de usuarios localizaranse na capital, pois así a súa xestión é máis eficiente (…) enténdese como prioritario e máis asumible, dentro das competencias municipais, establecer e planificar un crecemento ordenado da capital municipal (…) vocación forestal da maior parte do territorio...(…) trátase de delimitar moito solo aparentemente improdutivo como solo rústico de protección agropecuaria ou forestal. Ademais, tamén se pode facer unha lectura en clave ambiental, e recoñecer que por riba das posibilidades eminentemente produtivas débese valorar as calidades paisaxísticas (…) Unha importante redución na superficie de núcleos rurais de aproximadamente o 50 % da existente no planeamento en vigor. A proposta ten en conta a loita contra o cambio climático e, por exemplo, sabendo que o gasto enerxético e de solo das vivendas unifamiliares é maior fronte ás edificacións colectivas, trataranse de fomentar os novos solos residenciais plurifamiliares no solo urbano (…) O solo urbano non consolidado está composto por 2 Áreas de Reparto localizadas as dúas na capital do concello (Nogueira) xunto con dous ámbitos de planeamento incorporado (API’s). En total suman unha superficie delimitada de 107.270 m² e 249 vivendas que se desenvolverán mediante os seus correspondentes PERIS (…) A proxección de poboación determina a posibilidade duns 6.315 habitantes residentes mais uns 600 transeúntes e estudantes no ano horizonte (2037), por tanto a capacidade residencial do mesmo serían uns 6.915 habitantes (…) O investimento total previsto no PXOM é de 6,9 millóns de €, para o período próximo de 20 anos (…)”. (Texto extraído do PXOM. Páx.56 e ss do ISA).

Táboa reparto do investimento: concello 562 mil euros nun horizonte de 20 anos.

	CONCELLO	OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	MERCADO	VALOR TOTAL miles de euros	%
C1	92	284	257	632	9,16%
C2	130	1.522	478	2.130	30,89%
C3	288	837	1.581	2.707	39,25%
FP	53	655	720	1.428	20,70%
TOTAL	562	3.298	3.035	6.896	
	8,15%	47,83%	44,02%	100,00%	

Páx. 120 do ISA: AUMENTO DA PRESIÓN FISCAL!!

- Non se tiveron en conta moitos dos impostos que o Concello recada con base no crecemento urbanístico ou poboacional como o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) do novo solo clasificado, o Imposto de Incremento del Valor de los Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU), o Imposto de Actividades Económicas (IAE), ou o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), entre outros.
- Non se tivo en conta a posible subida das taxas, tarifas ou impostos municipais dos servizos e das tramitacións contempladas (sobre todo as que superen ao IPC).
- Non se tivo en conta a posible subida do IBI, como importante fonte de recursos municipais.



- INFORMACIÓN

- PARTICIPACIÓN

- DEMOCRACIA

A REALIDADE DO P.X.O.M. DE N. DE RAMUÍN PROPOSTO, EN IMAXES



--É UN PLAN DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA ESPECULATIVO QUE SE PRETENDE LEVAR A CABO CON FONDOS PÚBLICOS. DESFASADO, QUE USA DATOS DESACTUALIZADOS PORQUE SE IDEA NO ANO 2008 DO BOOM INMOBILIARIO. PON DE MANIFESTO UNHA VISIÓN DO TURISMO CADUCA, OBSOLETA E XA SUPERADA BASEADA NO CHAPAPOTE E LADRILLO: A "MARBELLIZACIÓN" DA RIBEIRA SACRA. É INCONCEBIBLE QUE NON CONTEMPLA A AFECCIÓN QUE A A-76 -TAN DESEXADA POLOS PROMOTORES DESTA PLAN- PROVOCA NO TERRITORIO: DEVASTACIÓN DA PAISAXE, CONTAMINACIÓN, OCUPACION DE SOLO PRODUCTIVO, CASAS FORA DE ORDENACIÓN (EUFEMISMO ÉSTE QUE OCULTA A AVOCACIÓN Á RUÍNA), RIBEIRA DO MIÑO DESTRUÍDA, EN DEFINITIVA: A DEVALUACIÓN DO RECURSO TURÍSTICO MÁIS IMPORTANTE DA PROVINCIA DE OURENSE E UN DOS MAIS SINALADOS DE GALIZIA, ASÍ VISTO POLO PLENO DO GOBERNO PROVINCIAL E POLA ACTUAL MINISTRA DE FOMENTO QUE TÉN PROMETIDA A SÚA REVISIÓN UNHA VEZ QUE A ESTRADA CHEGUE A MONFORTE (¿O PARTIDO POPULAR DE N. DE RAMUÍN SERÁ UN ENTE INDEPENDIENTE E INDISCIPLINADO DO PROVINCIAL E DO NACIONAL?); O SEU IMPACTO NEGATIVO NA DECLARACIÓN DE PATRIMONIO MUNDIAL DA R. SACRA, QUE O PLAN NON CONTEMPLA POR NINGÚN LADO; A DEGRADACIÓN DA RIBEIRA DO MIÑO --A "ZONA DE AMORTIGUAMENTO" DA R. SACRA QUE ESTE PLAN TANTO MENCIONA COMO RECURSO VALIOSO A PROTEXER...UNHA INCONGRUENCIA MÁIS DESTA PLAN....ETC.

--UN PLAN ESTAFA QUE ORIENTA O FUTURO DO CONCELLO A FACER PISOS EN LUÍNTRA E ABOCA A QUE SE ABANDONE E ARDA O RESTO DO TÉRMINO MUNICIPAL ANTES QUE PROCURAR A PROTECCIÓN DA POBOACIÓN ANCIÁ E INVESTIR NO FUTURO DOS SEUS DESCENDENTES DEVOLVÉNDOLLES O QUE DELES SE RECADA EN MELLORAR A SÚA CALIDADE DE VIDA; EN PROMOVER AS CONDICIÓNS PARA QUE OS POUCOS QUE QUEDAN EN IDADE ACTIVA Poidan vivir na súa terra e da súa terra. ¿É QUE ALGÚNS POBOS AOS QUE RODEAN DE SOLO RUSTICO FORESTAL PROTEXIDO VÁN VIVIR DA CAZA? SOMOS INDIOS A CONFINAR EN RESERVAS ATA A EXTINCIÓN?? CONSIDERA O "RURAL" E O SEU MODO DE VIDA COMO ANTÓNIMO DE PROGRESO, E Á AGRICULTURA COMO SÍMBOLO DE ATRASO. MENOSPRECIA Á INMENZA MAIORÍA DE VECIÑOS E VECIÑAS, E OBVIA QUE CANDO O CONCELLO PRODUCÍA E VIVÍA DA AGRICULTURA, TIÑA DEZ MIL HABITANTES, BASTANTES MÁIS INCLUSO DOS QUE ESTE "ANTIPLÁN" PREVÉ.

-- A ACTIVIDADE AGRÍCOLA E A SUPERFICIE CULTIVABLE, DEBE AÍNDA AMPLIARSE E PROTEXERSE, PERO ELIMINA SOCALCOS DE VIÑEDO AMPARADO POLA D.O RIBEIRA SACRA!!! CONFUNDE MONTE CON BOSQUE, REDUCINDO TODO A "PAISAXE" (DE TOXOS E XESTAS PARA ARDEREN MELLOR?). NON SABEN QUE A PAISAXE DA RIBEIRA SACRA A FIXERON DEUS E OS HOMES AO LONGO DE SÉCULOS DE TRABALLO?. CONVERTER CULTIVOS EN FORESTA PROTEXIDA É IRRACIONAL E AUMENTA SIGNIFICATIVAMENTE O RISCO DE DESPOBOACIÓN DO CONCELLO AO ABANDONAR ÁS PARROQUIAS Á SÚA SORTE.

-- É UN ERRO GRAVÍSIMO QUE ELIMINA A POSIBILIDADE DE CRECEMENTO DOS POBOS REDUCIR A ZONA DE NÚCLEO RURAL O PERÍMETRO ESTRICTO DAS CONSTRUCCIONS EXISTENTES. SOBRE TODO CANDO NON SE FAI UN ESTUDIO PREVIO DOS DEFICIENTES ACCESOS Á MAIORÍA DE NÚCLEOS, DA NECESIDADE DE ANCHEAMENTO DE VIALES E CAMIÑOS QUE IMPIDEN A CIRCULACION INTERIOR FACENDO IMPOSIBLE AS OBRAS DE REFORMA. OS COMPRADORES DOS PISOS DE LUINTRA SÍ ÍAN TER ESPAZOS DE LECER, ZONAS VERDES, AMPLIOS PARKINGS, MÉDICO Á PORTA...¿E OS MEUS PAIS? ¿E OS MEUS FILLOS?

ESTE É UN PLAN INDIGNO!!! OS VECIÑOS DE NOGUEIRA DE RAMUÍN NON MERECEAN UN TRATO TAN DEGRADANTE. SOMOS CIDADÁNS CON DEREITOS, E SOBRE TODO PERSOAS.

EVIDENTEMENTE, A XUNTA DE GALICIA O VOTARÁ ABAIXO POR AS DEFICIENCIAS QUE CONTÉN: INCUMPLIMENTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL SEGUNDO A NORMATIVA EUROPEA INCORPORADA Á LEXISLACIÓN ESPAÑOLA; IMPREVISIÓN DE RECURSOS; CONTRADICCIÓN CO ESPÍRITU DA NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA DE PROTECCIÓN Á PARROQUIA RURAL E PRIORIZAR A FIXACIÓN DA POBOACIÓN NO MEDIO COMO FORMA DE CRECEMENTO SOSTIBLE MEDIANTE A REACTIVACIÓN DA AGRICULTURA; AUSENCIA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN, XURÍDICO E TÉCNICO...ETC.

UN NOVO PLAN É PRECISO. O APROBADO NON É CONVALIDABLE CON ALEGACIÓNS.

--NON DESEÑA UN PLAN DE ACCESOS AS ZONAS AGRÍCOLAS (VIÑEDOS, CASTAÑOS, MONTES...ETC) QUE PERMITIRÍAN O SEU APROVEITAMENTO CON EFICIACIA, ASÍ COMO UNHA POSIBLE CONCENTRACIÓN (AÍNDA MEDIANTE PERMUTAS PRIVADAS, HOXE EXENTAS DE TRIBUTAR), SENDO QUE ESTAS DÚAS CAUSAS, A FALLA DE ACCESO E A DISPERSIÓN MOTIVARON O ABANDONO DE CULTIVOS. NON PLANTEA A RECUPERACIÓN DE INMOBLES PÚBLICOS EN DESUSO PARA DESTINALOS A FINS PRODUCTIVOS. NEN UN PLAN DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO POPULAR. NON PROPÓN UNHA SOLA ACCIÓN REAL – MAIS ALÁ DE MILES DE DESIDERATUMS RECOLLIDOS DA LEI E DE OUTROS TEXTOS- QUE MELLORRE A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DO RURAL (QUE É A PRÁCTICA TOTALIDADE). ANTES MANTÉN QUE “É CARO” E “POUCO EFICIENTE” MANTER OS ASENTAMENTOS ACTUAIS , QUE “CONSUMEN MOITO SOLO” E “ ESGOTAN OS RECURSOS MUNICIPAIS”, INCLUSO “SON CAUSA EN PARTE DO CAMBIO CLIMÁTICO”!!!... PESE A QUE O PROMOTOR DO PLAN RECADA DOS VECIÑOS O 70% DO QUE MALGASTA (CERCA DE 3 MILLÓNS DE EUROS CADA ANO, DOS QUE UN MILLÓN É EN SUELDOS A ALCALDE, CONCELEIROS E FUNCIONARIOS), INVESTINDO SÓ O 7% DO QUE RECIBE: ¿ QUÉN SAE CARO A QUÉN???

-- NON DESEÑA A PROTECCIÓN DE ESPAZOS QUE POSIBILITE A DECLARACIÓN DE B.I.C (NIN UN SOLO BEN DE INTERÉS CULTURAL EN TODO O CONCELLO!!: FRAGAS, MONUMENTOS, NÚCLEOS...ETC.)
--INCREMENTARÁ A SANGRÍA DEMOGRÁFICA DO CONCELLO –QUE AUMENTARÁ EXPONENCIALMENTE NOS ANOS DE VIXENCIA DO PLAN PESE A QUE ÉSTE CALCULA –MENUDOS EXPERTOS!- QUE CRECERÁ EN SETE MIL HABITANTES-, PORQUE O 70% DO CENSO SUPERA OS 65 ANOS. NON ALIVIARÁ O ESTADO CRÍTICO NO QUE ESTÁ SUMIDO O CONCELLO, QUE TÉN COMO CAUSA FUNDAMENTAL O ABANDONO DA AGRICULTURA DEBIDO A NON TERSE ORDENADO RACIONALMENTE O TERRITORIO. **PERO ESTA TENDENCIA É O MOMENTO DE INVERTILA: A PRIVILEXIADA SITUACIÓN DO CONCELLO NA RIBEIRA SACRA, O SER A PORTA DE ENTRADA DENDE O CORREDOR VERDE-AZUL DE OURENSE (ONDE A CHEGADA DO AVE É FUNDAMENTAL PORQUE CONECTA ESPAÑA COA R. SACRA) A TRAVÉS DO MIÑO (CARRIL BICI + SENDEIRO PEONIL+VEHÍCULO ECOLÓXICO MODELO TREN+CATAMARÁN), DENDE AS ESTRADAS DE ESGOS E OS GOZOS, DE ALMORFE..., A AMPLÍSIMA REDE VIAL INTERIOR ADECENTADA, SINALIZADA E HERMOSEADA PAISAXÍSTICAMENTE CONVÉRTESE POLO VALOR PAISAXÍSTICO UN ELEMENTO ECONÓMICO MÁIS DO TERRITORIO; O SEU INCONMENSURABLE PATRIMONIO NATURAL E MONUMENTAL; O SER UNHA PENÍNSULA CIRCUNDADA POR RIOS NAVEGABLES AÍNDA QUE VIVA DE ESPALDAS A ELES E ATA SEN ACCESO, O QUE DEBE REMEDIARSE DUNHA VEZ POR TODAS CONVERTINDO RIOS MORTOS EN AUGAS VIVAS QUE XENEREN RIQUEZA MÁIS QUE PARA AS HIDROELÉCTRICAS. A NOVA “PONTE DAS AUGAS MESTAS” (QUE DEBERÍA IMITAR Á VECIÑA DO FERROCARRIL) VAI UNIR A TERRA DE RAMUÍN COA TERRA DE BÚBAL, ENTRE O “PORTUN PENALBENSIS” E “A O DOS PEARES -DO TORREÓN-” PECHANDO UN CIRCUITO MÁXICO DE BOCARRIBEIRAS; A SÚA RIQUEZA AGRÍCOLA E GASTRONÓMICA –O GRAN IMPULSO QUE PARA O TURÍSTICO (RECURSO ECONÓMICO POLO TANTO) TÉN A GASTRONOMÍA!!! (AXUDAS E FOMENTO DA VITICULTURA, DA CASTAÑA...ETC); O BON FACER, SABIDURÍA E EXPERIENCIAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS EN MOITOS ÁMBITOS NOS QUE PODEN SER MESTRES DAS NOVAS XERACIÓNS DE EMPREENDEDORES... TODO ISTO PROVOCA QUE A ACTIVIDADE TURÍSTICA E A INDUSTRIA ASOCIADA A A ELA SEXAN O VERDADEIRO MOTOR QUE REACTIVEN A AGRICULTURA E OS SERVIZOS DE TODO TIPO (INCLUSO O DA CONSTRUCCIÓN EVIDENTEMENTE), LOGRANDO A FIXACIÓN DA POBOACIÓN, QUE FARÁ QUE A PAISAXE E O PATRIMONIO SE RECUPEREN E CONSERVEN, QUE O MONTE NON ARDA, QUE XURDAN COOPERATIVAS DE EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA, QUE AFLÚA A INVERSIÓN PRIVADA E OS FONDOS PÚBLICOS... **ASI SÍ!!** SERÍA UN PLAN PARA O SÉCULO XXI.**

OS PILARES DUN PLAN PARTICIPATIVO PARA O SÉCULO XXI

